



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E O CENTRO COMUNITARIO DE SANGUE E TECIDOS DE ASTURIAS, PARA O ESTABLECEMENTO DE UN PROGRAMA DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE EXTRACCIÓN DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL E O SEU PROCESAMENTO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) formalizou, o día 21 de agosto 2025, co Centro Comunitario de Sangue e Tecidos de Asturias o convenio arriba referido, por un período de dous (2) anos de vixencia inicial con efectos a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten como obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para o establecemento dun programa de actuación en materia de extracción de sangue de cordón umbilical e o seu procesamento. A súa finalidade é establecer un sistema para facer a recollida de sangue de cordón umbilical nas maternidades autorizadas como centros extractores no ámbito da Comunidade Autónoma do Principado de Asturias, así como o almacenamento en frío para garantir o transporte das unidades ao Banco de Cordón da ADOS de Santiago de Compostela, polo cal se establece un procedemento de actuación chamado "Extracción de Sangue de cordón umbilical no Principado de Asturias e procesamento no Banco de Cordón Umbilical de Galicia".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto do convenio referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que de conformidade co previsto nos estatutos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en diante ADOS), aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, a ADOS é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

ADOS atópase adscrita a consellería en materia de sanidade, actúa como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenaxe e abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe,



distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente como polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes da mesma.

A ADOS, ten a competencia para conseguir as doazóns voluntarias, e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia, así como conseguir as doazóns de células e tecidos necesarios para atender as necesidades dos/das pacientes do sistema Sanitario de Galicia e dos programas de investigación celular.

Que o Centro Comunitario de Sangue e Tecidos de Asturias e unha entidade sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é promover a doazón de sangue, a organización de colectas para a súa extracción e o procesamento dos distintos compoñentes: hematíes, plaquetas e plasma. E ten por obxecto a realización, promoción, obtención, preparación, procesamento, almacenamento, preservación e distribución de sangue e os seus derivados e de todo tipo de tecidos humanos, susceptibles de ser utilizados clinicamente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

